

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CE3IFC005000	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP5026	Normativa de ciberseguridade	2024/2025	2	60	72

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ODILO GONZÁLEZ CARNERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola lexislación vixente en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc.

O edificio no que se ubica o centro atópase situado na cidade de Santiago de Compostela. Este módulo de está contextualizado para o entorno no que se ubica o centro. Na súa contorna encóntranse varias empresas de servizos informáticos, moitas delas dependentes das Administracións Públicas (Xunta, Concello e Universidade) , que acollen á gran maioría do alumnado do ciclo para o módulo de Formación en Centros de Traballo e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Cumprimento normativo.	Puntos principais de aplicación para un correcto cumprimento normativo.	10	15
2	Deseño de sistemas de cumprimento normativo.	Deseño de sistemas de cumprimento normativo.	15	20
3	Responsabilidade penal.	Lexislación para o cumprimento da responsabilidade penal.	15	20
4	Protección de datos.	Lexislación e xurisprudencia en materia de protección de datos.	17	25
5	Normativa vixente de ciberseguridad.	Normativa vixente de ciberseguridad de ámbito nacional e internacional.	15	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Cumprimento normativo.	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os puntos principais de aplicación para asegurar o cumprimento normativo, e recoñece funcións e responsabilidades	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as bases do cumprimento normativo para ter en conta nas organizacións
CA1.2 Descríbense e aplicáronse os principios dun bo goberno e a súa relación coa ética profesional
CA1.3 Defínense as políticas e os procedementos, así como a estrutura organizativa que estableza a cultura do cumprimento normativo dentro das organizacións
CA1.4 Descríbense as funcións e as competencias da persoa responsable do cumprimento normativo dentro das organizacións
CA1.5 Establecéronse as relacións con terceiros para un correcto cumprimento normativo

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Introdución ao cumprimento normativo. Compliance: obxectivo, definición e conceptos principais.</p> <p>Principios do bo goberno e ética empresarial.</p> <p>Compliance Officer: funcións e responsabilidades.</p> <p>Relacións con terceiras partes dentro do Compliance.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Deseño de sistemas de cumprimento normativo.	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña sistemas de cumprimento normativo e selecciona a lexislación e a xurisprudencia de aplicación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recolléronse as principais normativas que afectan os diferentes tipos de organizacións
CA2.2 Establecéronse as recomendacións válidas para organizacións de diversos tipos, consonte a normativa (ISO 19.600 e outras)
CA2.3 Realizáronse análises e avaliacións dos riscos de diferentes tipos de organizacións consonte a normativa (ISO 31.000 e outras)
CA2.4 Documentouse o sistema de cumprimento normativo deseñado

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de xestión de Compliance. Contorno regulatorio de aplicación. Análise e xestión de riscos. Mapas de riscos. Documentación do sistema de cumprimento normativo deseñado.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Responsabilidade penal.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Relaciona a normativa relevante para o cumprimento da responsabilidade penal das organizacións e das persoas xurídicas cos procedementos establecidos, compilando e aplicando as normas vixentes	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os riscos penais aplicables a diferentes organizacións
CA3.2 Implantáronse as medidas necesarias para eliminar ou reducir ao mínimo os riscos identificados
CA3.3 Estableceuse un sistema de xestión de cumprimento normativo penal de acordo coa lexislación e coa normativa (Código Penal, UNE 19.601, etc.)
CA3.4 Determináronse os principios básicos dentro das organizacións para combater o suborno e promover unha cultura empresarial ética, consonte a lexislación e a normativa (ISO 37.001 e outras)

4.3.e) Contidos

Contidos
Riscos penais que afectan a organización.
Sistemas de xestión de Compliance penal.
Sistemas de xestión anticorrupción.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Protección de datos.	17

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica a lexislación estatal de protección de datos de carácter persoal e relaciona os procedementos establecidos coa lexislación e coa xurisprudencia sobre a materia	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse as fontes do dereito de acordo co ordenamento xurídico en materia de protección de datos de carácter persoal
CA4.2 Aplicáronse os principios relacionados coa protección de datos de carácter, a nivel nacional e internacional
CA4.3 Establecéronse os requisitos necesarios para afrontar a privacidade desde as bases do deseño
CA4.4 Configúranse as ferramentas corporativas prevendo o cumprimento normativo por defecto
CA4.5 Realizouse unha análise de riscos para o tratamento do dereito á protección de datos
CA4.6 Implantáronse as medidas necesarias para eliminar ou reducir ao mínimo os riscos identificados na protección de datos
CA4.7 Descríronse as funcións e as competencias do/da delegado/a de protección de datos dentro das organizacións

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Principios de protección de datos.</p> <p>Novidades do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd) da Unión Europea.</p> <p>Privacidade por deseño e por defecto.</p> <p>Análise de impacto en orivacidade (PIA) e medidas de seguridade.</p> <p>Delegado/a de protección de datos (DPO).</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Normativa vixente de ciberseguridade.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Compila e aplica a normativa nacional e internacional de ciberseguridade, e actualiza os procedementos establecidos consonte as leis e a xurisprudencia sobre a materia	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Estableceuse o plan de revisións da normativa, xurisprudencia, notificacións, etc., que poidan afectar a organización
CA5.2 Detectouse nova normativa mediante a consulta das bases de datos xurídicas, seguindo o plan de revisións establecido
CA5.3 Analizouse a nova normativa para determinar se é de aplicación á actividade da organización
CA5.4 Incluíronse no plan de revisións as modificacións necesarias sobre a nova normativa aplicable á organización, para un correcto cumprimento normativo
CA5.5 Determináronse e puxéronse en práctica os controis necesarios para garantir o correcto cumprimento das novas normativas incluídas no plan de revisións

4.5.e) Contidos

Contidos
Normas nacionais e internacionais.
Sistema de xestión de seguridade da información (estándares internacionais; ISO 27.001).
Acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.
Esquema nacional de seguridade (ENS).
Plans de continuidade de negocio (estándares internacionais; ISO 22.301).
Directiva NIS.
Lexislación sobre a protección de infraestruturas críticas.
Lei de protección de infraestruturas críticas (PIC).

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles xa quedan indicados nos criterios de avaliación de cada unidade didáctica. Para aprobar é preciso acadar cada un deses mínimos exigibles.

Neste módulo existen sesións de avaliación intermedias onde se emitirá unha nota (con cifras enteiras do 1 ao 10) segundo os criterios de avaliación expresados.

Para o cálculo da nota terase en conta:

* Resultado de probas teórico-prácticas: Probas individuais presenciais acerca dos contidos estudados nunha ou varias unidades. Poden conter preguntas teóricas de tipo test, respostas curtas ou desenvolvemento, así como esixir a resolución de exercicios e supostos prácticos, podendo estes ser realizados en papel ou no ordenador. Estas probas terán un peso do 90% da nota final da avaliación.

* A resolución dos exercicios e prácticas propostos na clase, que terá un peso do 10% da nota final da avaliación.

A nota resultante será a do redondeo matemático a un número enteiro (do 1 ao 10) tras aplicar as porcentaxes descritas.

Para superar o módulo é preciso obter unha nota final igual ou superior a 5.

Se as notas das avaliacións son de polo menos 5, a nota final obtense como media aritmética das tres avaliacións. No caso de que o alumnado non supere todas as avaliacións trimestrais, a puntuación máxima final que poderá asignarse será de catro puntos.

No caso de ter unha ou varias avaliación con nota inferior a 5, o alumnado terá que superar unha proba final, cualificada entre 1 e 10, na que deberán obter unha nota igual ou superior a 5.

Esta proba versará sobre os contidos de todo o módulo. As actividades prácticas realizadas durante o curso non serán consideradas na nota final desta convocatoria. A nota final será exclusivamente referida a esta proba nunha escala de 1 a 10. A proba dividirase en tantas partes, coma avaliacións parciais, de xeito que cada alumno só terá que realizar, de forma obrigatoria, as partes correspondentes ás avaliacións suspensas.

A superación do módulo require que nesta proba final se acade unha nota igual ou superior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non acade os mínimos requeridos deberá realizar actividades complementarias co obxecto de acadar os mínimos esixidos:

- Proporanse actividades de reforzo para o alumnado que non superara as avaliacións, consistentes na realización de exercicios prácticos, teóricos e explicacións complementarias sobre as unidades didácticas non superadas, empregando a aula virtual.
- Realización dunha proba para valorar a recuperación.
- Atención especial para a resolución de dúbidas, tanto en clase como en horas de tutoría.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao tratarse dun curso de especialización non existe a perda de dereito a avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento da programación, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, farase unha xustificación razoada dos motivos.

1. Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
2. Durante todo o curso iranse actualizando aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.
3. Ao finalizar cada unidade didáctica revisarase a correspondencia da programación, anotando as desviacións e analizando as causas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno. Nesta avaliación o coordinador/a e o orientador/a darán

toda a información disponible sobre as características xerais do grupo.

Do mesmo xeito, averiguarase mediante cuestionario na aula virtual se algún alumno tería algunha dificultade para seguir as clases de forma telemática.

Con toda esta información elabórase a acta da avaliación inicial.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas. Este coñecemento permítenos tamén orientar o proceso de aprendizaxe as necesidades dos alumnos e decidir, no seu caso, o tipo de axuda ou reforzo máis adecuado.

Por último, no caso concreto deste módulo, ao corresponderse cun curso de especialización non se contempla un plan de reforzo e recuperación derivado dun curso anterior.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo serán sempre consensuadas co resto do equipo docente do ciclo e o coordinador da informática a distancia e serán personalizadas para as necesidades detectadas para un alumno ou alumna na avaliación inicial. Incluirán:

- Eliminación, adaptación ou reelaboración de certas actividades de ensino aprendizaxe que presenten especial dificultade por parte do discente.
- Proposta de repetir, baixo supervisión directa do profesor, certas actividades especialmente problemáticas.
- Aumento do prazo de entrega de tarefas e da realización dos exames.
- Colaborar co departamento de Orientación para desenvolver calquera outra medida proposta para que a alumna/o responda globalmente aos obxectivos programados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación en as áreas prioritarias relativas a:

- Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (en adiante TIC): pola natureza do ciclo as tecnoloxías están plenamente integradas na actividade docente e o uso da aula virtual tamén o acentúa.

- Idiomas dos Países da Unión Europea: Proporcionaranse recursos en lingua inglesa, moi común na rama do ciclo.
- Prevención de riscos laborais e educación en valores: intentarase que os alumnos e alumnas saiban identificar as situacións de risco e actúen de forma preventiva.

Por outra banda, o profesorado debe axudar a inculcar uns valores aos seus alumnos e alumnas. Esta educación en valores realízase mediante temas transversais e intenta favorecer a tolerancia e a convivencia dentro e fóra do aula. A educadora pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no aula que axude a asentir os seguintes valores: educación moral e cívica, educación para a paz e a tolerancia, educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos, educación ambiental, educación para a saúde e sexual, e educación do consumidor.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado de Informática e tódalas actividades propostas polo departamento de informática. O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindo no ámbito social e sexan consideradas de interese. Hai que ter en conta que calquera actividade proposta, non tería carácter obrigatorio.